



Reproducción do cruceiro da Estrada

Susana Pazo Maside

susana.pazo@hotmail.com

Resumo. Dado o interese de Juan Andrés Fernández, director do Museo Reimóndez Portela, en recuperar a memoria arquitectónica de A Estrada, recibín da súa man e como primeiro encargo deste proxecto, a realización dunha reprodución a escala do Cruceiro da Estrada, erroneamente reconstruído despois do traslado da súa ubicación orixinal. Acordamos elaboralo en cerámica de alta temperatura e encargouse da súa cocción o ceramista estradense Fernando Porto”.

Abstract. Given the interest of Juan Andrés Fernández, director of Reimóndez Portela Museum, in recovering the architectural memory in A Estrada, I was asked to do a scale model of A Estrada Crossing, which was wrongly rebuilt after its moving from the original location. It was agreed that it would be made in high temperature ceramics and Fernando Porto, a ceramicist from A Estrada, took care of the firing.

Non lembro o mes exacto no que recibín de Juan Andrés Fernández, Director do Museo Reimóndez Portela, o encargo de realizar unha reprodución a escala do cruceiro de A Estrada.

Antes de poñerme ao traballo explicoume algúns detalles, como o feito de que debido a unha confusión dos operarios que realizaron o traslado dende a súa ubicación orixinal ata o lugar onde hoxe se encontra, cambiouse a orientación da cruz, poñéndoa coa Virxe mirando a Santiago e o Cristo hacia o pobo, cando orixinariamente estaban cara a Santiago de Compostela o Cristo Crucificado e os santos situados no fuste (Santiago Peregrino e San Roque) mentres que a Virxe co Cristo xacente quedaba na outra cara. Asunto este que sería de vital importancia corrixir na reprodución.

En canto ao material, tras considerar distintas posibilidades decantámonos por facelo en cerámica de alta temperatura (barro refractario) a unha escala aproximada de 1: 3,5

Coceuno en dúas etapas, bizcochado e cocción a 1.250 ° C o artista estradense Fernando Porto Mato.

Tras a cocedura apliqueille unha lixeira pátina para marcar máis a textura e o releve das formas, ignorando os matices de liques, fungos e manchas de humidade que amosa na actualidade.

O cruceiro consta de:

- Cruz sobre capitel de inspiración xónica, fuste de sección hexagonal e basamento ornado cunha caveira en cada unha das súas catro esquinas e distintas formas, marcas e inscricións bastante erosionadas polo paso do tempo. Todo elo repousa sobre una escalinata de dous banzos.
- A cruz ten nunha cara ao Cristo crucificado e, nese mesmo senso, adheridos ao fuste, a Santiago e San Roque.
- Santiago Peregrino sentado sobre unha especie de sitial, porta un bordón na man esquerda e un libro na dereita; amosa así mesmo dúas cunchas de vieira, unha no sombreiro e outra no centro do peito, sobre a capa.
- San Roque, situado debaixo de Santiago leva tamén capa de peregrino con dúas cunchas, unha a cada lado do peito e unha terceira no sombreiro; ten báculo na man esquerda e coa outra levanta o saial amosando a súa perna dereita.
- Cada un deles repousa sobre unha cuncha; a de Santiago ten marcadas as ondulacións características da vieira, mentras que a de San Roque é lisa e leva a inscrición SROq, en clara alusión a este santo.
- Na outra cara da cruz está a Virxe co Cristo xacente.

Proceso de elaboración da reprodución

Tras fotografar dende distintos ángulos o cruceiro e tomar as medidas reais, pasei estas á escala 1:3,5 para lograr o tamaño de 1 metro de altura desexado, gardando as correspondencias entre as demais dimensións, ancho e fondo, así como entre as distintas formas e figuras que o compoñen.

Empecei o modelado pola base servíndome dunha armazón interior composta por unha barra metálica incrustada nunha plataforma de madeira. Previamente forrei toda a estrutura con papel de periódico a fin de facilitar a súa posterior extracción, e ao mesmo tempo permitir a contracción do barro durante o secado.



Estructura para o modelado.



Estructura forrada con papel.



Comezo do modelado da base.



Modelado do segundo banzo. Vense os reforzos interiores e os buratos respiradeiros e anticontraccións.



Base coas caveiras e demais detalles.



Comezo do modelado do fuste.



San Roque modelado.



San Roque baleirado (vense os buratos respiradeiros no fuste)

Levei o modelado por etapas, cubrindo as pezas con plástico para evitar un secado prematuro.

Deste xeito fun modelando directamente o oco agás a base, que fixen con paredes máis grosas para evitar problemas de rotura, baleirándoa mellor ao final do modelado, no momento no que dividín o cruceiro nas catro partes resultantes, que volvíñ a unir unha vez cocidas.

As distintas figuras (Virxe, Cristo, e ambos santos) modeleinas en macizo e baleireinas antes de adherilas no lugar correspondente do cruceiro. Fíxenlle uns sucos nos bordes das figuras xa baleiradas, o mesmo que marquei con sucos a súa silueta no lugar do fuste (ou da cruz) no que ían ser adosadas para lograr unha firme adhesión.

Fixen tamén uns buratos nesa parte do fuste para que o ar quente circulase sen problemas dende o interior ao exterior do cruceiro, incluíndo o oco das figuras, evitando roturas por presión debido á dilatación do ar quente.

Coa mesma finalidade distribuín por toda a extensión do cruceiro multitude de buratiños feitos cunha agulla. Isto evita, ademáis da rotura, a deformación da peza durante o secado ou a coción.

Antes de proceder a dividir a peza para que coubese no forno, marqueille textura coa axuda dun cepillo metálico e desgastei un pouco os rasgos das facianas.

Unha vez cortado cun fío de arame nas catro pezas resultantes (cruz, fuste en dúas pezas cortando por entre os dous santos e base) afinei as paredes desta última e deixei as pezas separadas a secar, coidando de voltealas de cando en vez na procura dun secado o máis uniforme posible.

Chegado o momento leveino a cocer.

Xa cocido unín as pezas con cemento branco recompoñendo así o cruceiro e apliqueille como acabado unha suave pátina de elaboración propia.



San Roque baldeirado e marcas e buratos na zona do fuste onde vai ser adherido.



San Roque xa pegado ao fuste. Santiago baleirado e co contorno sucado para a súa adhesión.



Ambos santos xa adheridos ao fuste.

Comezando coa cruz.



Modelado completado. Cortada xa a cruz sen adherirle aínda a Virxe e o Cristo.

Partindo en pezas o cruceiro.



Xa dividido o cruceiro. A cruz coa Virxe tamén pegada pero non así o Cristo; vése o oco onde se adosará.



Cruz pola cara da Virxe.



Cristo antes de ser adherido á cruz.



Interior da base.



Picando cunha agulla a base.



Texturando cun cepillo metálico a base.



Texturando o fuste.

Perforando con agulla unha das pezas.



Imaxes posteriores á cocción:



Base xa cocida.

O trozo do fuste co San Roque adherido á base.



Cruceiro xa montado, antes de patinar





Primeiro plano da cruz pola cara da Virxe.



Primeiro plano da cruz polo lado do Cristo.



Cruceiro completo e xa patinado, visto pola cara do Cristo e os santos.



Cruceiro acabado visto pola cara da Virxe.